

ORDENANZA FISCAL Nº5 REGULADORA DA TAXA DO CEMITERIO MUNICIPAL

FUNDAMENTO E NATUREZA

Artigo 1:

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa do CEMITERIO MUNICIPAL, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2:

Constitúe o feito imponible da Taxa, a prestación dos servizos do Cemiterio Municipal, tales como: asignación de espazos para enterramentos, permisos de construción de panteóns ou sepulturas, ocupación dos mesmos, redución, incineración, movemento e colocación da lápidas, enreixados e adornos, conservación dos espazos destinados ó descanso dos defuntos e calqueira outros que, de conformidade co previsto no Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

SUXEITO PASIVO

Artigo 3:

Son suxeitos pasivos contribuíntes, os solicitantes da concesión da autorización ou de prestación do servizo e, no seu caso, os titulares da autorización concedida.

RESPONSABLES

Artigo 4:

1. Responderán solidariamente das obrigacións do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou

liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Artigo 5:

1.- Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:

a) Os enterramentos dos asilados procedentes da Beneficiencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que sexa custeada pola familia dos falecidos.

b) Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.

c) As inhumacións que ordene a Autoridade Xudicial e que se efectúen na fosa común.

2.- Terán una bonificación do 50% na presente Taxa os contribuíntes que teñan uns ingresos inferiores ó salario mínimo interprofesional (S.M.I.), e non dispoñan de máis propiedades que a vivenda onde residen.

Para as unidades familiares de convivencia nas que os ingresos superen o salario mínimo interprofesional, aplicarase a bonificación exposta cando o importe dos devanditos ingresos, na parte que exceda do S.M.I. dividida entre o número de membros, excluído o perceptor, non supere os 60,00 €, conforme á seguinte fórmula:

$$\text{Importe ingresos mensuais} - \text{S.M.I.} = \text{exceso}$$

(Exceso) : (Nº de membros –excluído o perceptor-) =
menos de 60 euros

A bonificación exposta terá carácter rogado debendo efectuarse en instancia a parte á solicitude dos servizos do cemiterio municipal, adxuntando a documentación que sexa requirida polos Servizos Sociais do Concello e sen prexuízo do depósito previo da taxa. No caso de concesión da bonificación, solicitarase a devolución da parte proporcional que corresponda.

COTA TRIBUTARIA

Artigo 6:

A cota desta Taxa, será a seguinte:

CEMITERIO XERAL DE VILAGARCIA
E CARRIL

1.- Cesións e alugueres:

| | € |
|---|----------|
| Cesión de dereitos enterramento en nichos | 648,95 |
| Id. id. de cada cinceiro | 107,25 |
| Id. id. de cada sepultura en terra | 112,60 |
| Id. id. de cada soar para panteóns, o M/2 | 1.053,75 |
| Por aluguer cinco anos, de cada nicho | 108,20 |
| Por aluguer cinco anos, de cada cinceiro | 66,90 |

2.- Dereitos de enterramento

2.1.- INHUMACIÓNS:

- a) EN PANTEÓN 65,25 €
- b) EN NICHOS/CINCEIRO 16,20 €
- c) SEPULTURA EN TERRA 16,20 €

2.2.- EXHUMACIÓNS..... 8,20 €

2.3.- - INHUMACIÓNS: Entenderase por inhumación o enterramento de cadáveres e toda clase de restos humanos que impliquen a apertura e peche de oco para enterramento, tanto nichos, cinceiros, panteóns, sepultura en terra, etc.

- EXHUMACIÓNS: Entenderase por exhumacións a retirada e recollida de toda clase de restos humanos que impliquen a apertura e peche de oco para enterramento, tanto nichos, cinceiros, panteóns, sepultura en terra, etc.

2.4.- As tarifas establecidas no artigo 6.3.1 e 3.2 correspóndense a servizos prestados en días hábiles dentro da xornada laboral. Os servizos prestados fóra da xornada laboral ou en días inhábiles (sábados, domingos e festivos) incrementaríanse no 50%.

2.5.- As exhumacións verificadas antes dos 5 anos incrementaríanse no 50%.

2.6.- Cada un dos servizos prestados consideraríanse independentes á hora de determinar a tarifa que lles correspondan e, no seu caso, facturaríanse conxuntamente.

2.7.- O traslado de restos dentro do cemiterio considerarase incluída nas tarifas aplicadas en cada momento.

2.8.- Sempre que sexa posible, para practicala correspondente liquidación da taxa, cada solicitude deberá ser previamente informada polo persoal encargado do Servizo.

Os recargos propostos obedecen ó incremento que se produce cando os servizos son prestados fóra da xornada laboral (costes laborais), así como dos problemas derivados da retirada de restos mortuorios antes dos 5 anos dende a súa inhumación.

DEVENGO

Artigo 7:

Devéngase a Taxa e nace a obrigaición de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose, a estes efectos, que a mencionada iniciación se produce coa solicitude de aqueles.

DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO

Artigo 8:

1. Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate. A solicitude de permiso para construción de mausoleos e panteóns irá acompañada do correspondente proxecto e memoria, autorizados por facultativo competente.

2. Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma, que será notificada, unha vez que fora prestado o mencionado servizo, para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais, na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 9:

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 19 de decembro de 2007, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Fechas anteriores modificacións:

- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000
- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 17/12/2001
- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002
- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003
- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2004
- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005

Fecha modificación actual:

- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007